



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Expediente núm.: 766/2023

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Resolución de Alcaldía de data 15 de maio de 2024 do Concello de Santiso pola que se procede á convocatoria de poxa para alleamento de ben patrimonial.

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 15 de maio de 2024, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria da poxa para o alleamento de pala cargadora e retroexcavadora do Concello de Santiso, conforme aos seguintes datos:

1- Descrición do ben ou dereito, ou do lote de bens obxecto de venda:

Descrición do ben:	Pala cargadora e retroexcavadora de marca FAI cuxas características básicas son as seguintes: <ul style="list-style-type: none">- Marca: FAI- Modelo: 698+E/45- Matrícula: C - 104070 - VE- N.º de bastidor: FAI59556071279
--------------------	--

2- O prazo para a presentación de ofertas será de 15 días desde o día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do presente anuncio.

3- A presentación das ofertas realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Santiso (Rúa Agro do Chao - Arcediago, s/n, 15808, Santiso, A Coruña) en dous sobres selados e firmados.

Dita documentación tamén poderá enviarse a través de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A.) dentro do prazo de admisión sinalado, xustificando a data e hora do envío, que en todo caso deberá estar dentro do prazo sinalado ó efecto. Este envío anunciarase ó órgano de contratación mediante Rexistro de Entrada no Concello de Santiso a través da súa sede electrónica [<https://santiso.sedelectronica.gal/>].

4- A apertura dos sobres terá lugar no salón de Plenos do Concello de Santiso en acto público o día 18 de xuño de 2024 ás 11:00 horas.

5- O prego de condicións particulares atópase a disposición dos interesados no taboleiros de anuncios do Concello de Santiso, na seguinte páxina web <https://santiso.gal/> e na sede electrónica do Concello [<https://santiso.sedelectronica.gal/>].

En Santiso, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Don Manuel Adán López

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564

